



## Entrevistamos a...



**Esperanza González**  
PREMIADA NO CONCURSO  
"RECICLA AS TÚAS IDEAS E  
CONVÉRTEAS EN ARTE"

"Visitar o complexo de Sogama é pedagóxico"

[Ler máis...](#)



**Carles Salesa**  
DIRECTOR DEL CONSORCIO  
DE RESIDUOS DEL  
MARESME (CATALUÑA)

"La prioridad inmediata es aumentar las tasas de reciclaje y abandonar la cultura de vertido"

[Ler máis...](#)

## Editorial



**Javier Domínguez Lino**  
PRESIDENTE DE SOGAMA

"Comezamos un novo curso cos deberes feitos"

[Leer más...](#)

## Mundo SOGAMA

### O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama



Non admitiu a trámite as diferentes cuestións de inconstitucionalidade formuladas por seis xulgados do contencioso-administrativo nos que se seguían procedementos de reclamación de débeda fronte a un

pequeno grupo de concellos que se negaban a pagar o canon. O Alto Tribunal confirma así a plena constitucionalidade da aplicación do canon único a partir de marzo de 2014.

[Leer más...](#)

## Actualidade

### Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

[Ler máis...](#)

## Multimedia

22 videoconto da familia Trebón. Xa pensando no Nadal!



Novo ecocurso do Caderno Verde

[Ver videos...](#)

## Eventos

- Continúa a campaña autonómica da reciclaxe
- Congreso Recuwatt 2016
- O FIOT cumpre 25 anos
- Festival Mar de Mares
- Premios Aproema 2016
- Meeting Point sobre economía circular en Madrid
- Efemérides ambientais

[Máis eventos...](#)

## Receitario



### Que comes hoxe?

• Empanada sen glute con masa de pan

Un primeiro prato "celicioso" no que ademais se poden aproveitar as sobras de comida!

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# EDITORIAL

## OPINIÓN

### "Comezamos un novo curso cos deberes feitos"

Arranca un novo curso. Proxectos, expectativas, ilusións, fe e confianza son, entre outros, os ingredientes que conforman a ruta deseñada por Sogama para os próximos meses e que, en todo caso, estará marcada por un importante fito: a ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, máximo expoñente desta nova singradura que acabamos de iniciar. Esta mellora permitiranos tratar no mesmo practicamente todo o lixo doméstico producido en Galicia, da orde dun millón de toneladas anuais, configurándose como a infraestrutura destas características máis grande de Europa e unha das maiores do mundo.



O resultado desta mellora será, por riba de todo, máis reciclaxe e menos vertido, pero tamén máis innovación, máis concienciación, máis información e máis transparencia. En definitiva, máis sustentabilidade. Camiñamos, con paso firme e de forma decidida, cara ao único modelo de desenvolvemento posible, a economía circular. Facémolo convencidos de que os residuos poden converterse en recursos se sabemos poñelos en valor. En Sogama xa o temos demostrado.

Pero, cando comezamos un novo curso, ademais de mirar ao futuro, tamén adoitamos facer balance dos resultados acadados no anterior, que no noso caso son altamente satisfactorios. Así, no primeiro semestre deste 2016, aumentamos, grazas á colaboración dos cidadáns, a reciclaxe dos envases lixeiros nun 7,26% e en preto dun 29%, a recuperación dos materiais reciclables (aceiro, aluminio e vidro) contidos no lixo convencional. Tamén continuamos baixando, aínda máis, as emisións á atmosfera, a pesares de que estas estiveron sempre moi por debaixo dos límites legais, aumentamos en máis dun 47% o transporte de residuos por ferrocarril, e seguimos xerando enerxía de forma óptima.

En definitiva, bos vimbios para abordar un novo curso que, cando menos, se presenta apaixonante e esperanzado, esa paixón e esperanza que dá a seguridade de ter os deberes ben feitos.

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González

1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa

Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



### Esperanza González Doniz

Gañadora do 1º premio do concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

### *"Somos unha sociedade de sobra informada, pero irresponsable e cómoda"*

"Sempre tiven preocupación pola cantidade de lixo que xera a sociedade de consumo e polas súas consecuencias nefastas para o medio ambiente", cóntanos Esperanza González (Xunqueira de Espadañedo, Ourense). Ela foi a gañadora do primeiro premio do concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte", promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Sogama para conmemorar o Día Internacional da Reciclaxe, celebrado o pasado 17 de maio. Un galardón que evidencia o importante papel de cada persoa no coidado do medio ambiente. Mestre de inglés e licenciada en Filoloxía Inglesa acabada de xubilarse, nesta nova etapa vital dedica todo o seu tempo á súa paixón por levar á práctica o que sempre predicou na escola: mirar con curiosidade calquera refugallo para darlle unha nova vida.

"Alíxose de esperanza", este é o título da obra coa que vostede gañou o concurso convocado pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama con motivo do Día da Reciclaxe. Explíquenos cal é a filosofía do seu proxecto e que mensaxe pretendía transmitir.

Esta obra está integrada nun proxecto máis amplo do mesmo nome e é a cuarta da serie. Todos os cadros representan grandes urbes que se alimentan e medran co que os cidadáns rexeitamos: cidades que se elevan sobre detrito, que son detrito. O mesmo lixo que nos sepultarán se non espoleamos o noso adormecido instinto de supervivencia.

Fálenos das características desta obra e dos materiais que empregou para a elaboración.

Mide 2,87 por 1,85 metros e está formada por listóns de madeira nos que se suxeitan cartóns que conforman a base sobre a que se dispoñen máis de oitenta edificios. Todas as construcións están feitas utilizando todo tipo de material de refugallo: envases de plástico e caixas de cartón, bandexas de porexpán, macetas, cartuchos de impresora, tapóns, cristais, espellos, rotuladores, material escolar fóra de uso, botes e tapas de nebulizadores, cepillos, redes de plástico, latas de conserva, envases de bombóns, envoltorios de caramelos, etc. Como se dun efecto 3D se tratase, múltiples luces de Nadal retroiluminan os edificios proporcionándolle un aspecto máis cálido. Ademais, o cadro leva acoplado un sistema de audio! A través dun walkman conectado a dous altosfalantes de ordenador escóitase a canción "Sons Urbáns", de Suso Janeiro González.

SEGUIR LENDO....

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

*"Coñecer Sogama é pedagóxico. As persoas que visitan as instalacións saen de alí transformadas"*

**É unha apaixonada da reciclaxe. Desde cando está a traballar nesta temática e con que obxectivo?**

O meu afán reciclador, por así decilo, non é mérito persoal. Eu tiven a sorte de nacer nunha familia reutilizadora e creativa na que darlle novos usos ao que parecía inservible era unha constante. Aos meus pais, que tamén foron os meus mestres, teño que agradecerlles que, ademais

de darme a vida, foran un exemplo de amor á natureza. Con eses vimbios non se podía facer máis ca este cesto!

**Como trasladaba esta afección ás aulas?**

Sempre intentei concienciar aos meus alumnos sobre a necesidade dun consumo responsable, así como da importancia da reciclaxe e da reutilización de elementos de refugallo, empregándoos para confeccionar materiais pedagóxicos e artísticos. Xa fóra do colexio, traballaba e disfrutaba no meu estudo levando á práctica o que predicaba na escola: mirar con curiosidade calquera obxecto para darlle unha nova vida.

**Expón os seus traballos?**

Nunca pensei en expoñer ao público as miñas creacións, pero animada por familia e amigos fíxeno en dúas ocasións o ano pasado, con éxito de público e crítica.

**Ten algunha actividade en mente nestes momentos?**

Si, traballo no "Aliño de esperanza VI", cun formato diferente aos outros cadros da serie. Cando remate, o proxecto "Ventás" terá como fío condutor vellas xanelas que contemplaron outras historias.

**Renunciou ao premio valorado en 24,0€ e pediu que o importe fose ingresado na conta da ONG "Aldeas Infantís"...**

Fan un labor extraordinario e foi un xeito de agradecerlles o seu traballo desinteresado pola infancia. O premio Princesa de Asturias da Concordia concedido a Aldeas Infantís non pode ser máis merecido.



A gañadora recolleu o premio de mans do presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...


Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



A obra "Alixo de Esperanza, de 2,87 por 1,85 metros, está realizada só con refugallos

### O noso país aínda presenta baixas taxas de reciclado. Desde a súa perspectiva, que é o que está a fallar e que debe facerse para avanzar no camiño da sostibilidade?

Estamos sobradamente informados das consecuencias que se derivan da mala xestión dos residuos, pero somos sumamente irresponsables e cómodos. Do mesmo xeito que saber que o tabaco é nocivo para a saúde non motiva a todos os fumadores a deixar o hábito, tampouco a evidencia dos estragos da contaminación no medio ambiente é un revulsivo para modificar actitudes prexudiciais. Comprobo continuamente o que opina moita xente: tres ou catro recipientes para clasificar os residuos, o aceite, as pilas mais o que debe ser depositado nun punto limpo... Todo ao mesmo saco, na maioría dos casos. Hai xente concienciada, preocupada polo mundo que deixaremos aos que veñen detrás, pero aínda son minoría. Educación e leis que obriguen ao deseño e construción de vivendas con espazos dedicados á almacenaxe do material inservible, dun xeito hixiénico e cómodo, pode axudar a mellorar a situación. Visitar Sogama é pedagóxico: os indiferentes ante cuestións de sostibilidade teñen que deixar as instalacións transformados.

## En primeira persoa

*Chámome Esperanza González Doniz. Nacín en Ourense, pero é Xunqueira de Espadañedo o meu verdadeiro fogar. Son mestra e licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursei estudos de doutoramento (docencia e investigación) en Filoloxía Inglesa e obtiven o Diploma de Estudos Avanzados na área de coñecemento de Filoloxía Inglesa pola Universidade da Coruña. Traballei como mestra en doce escolas públicas diferentes e rematei no colexio Virxe de Covadonga (Ourense), no que permanecín 19 anos, ata a miña xubilación acabada de estrear. Sempre tiven preocupación pola cantidade de lixo que produce esta socie-*

*dade de consumo na que estamos inmersos e polas consecuencias nefastas para o medio ambiente, de sobra coñecidas por todos.*

*Na práctica da función docente, sempre intentei concienciar aos meus alumnos sobre a necesidade dun consumo responsable, así como da importancia da reciclaxe e da reutilización de elementos de refugallo, empregándoos no colexio para confeccionar materiais pedagóxicos e artísticos que servisen de apoio nas aulas.*

*En paralelo ao meu labor profesional, traballei e gocei no meu estudo levando á práctica o que predicaba na escola: ter unha mirada curiosa ante calquera obxecto para darlle unha nova vida.*

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...



**Carles Salesa**

Director del Consorcio de Residuos del Maresme

*"Otra realidad es posible si el ciudadano y el sistema asumen hábitos de reciclaje profundos y se evita el vertedero"*

A finales de este mes de octubre, el sector del tratamiento de residuos tiene una cita en la cuarta edición de Recuwatt, el congreso internacional de referencia en el sur de Europa sobre reciclaje y energía. Durante tres días, y con un marcado carácter internacional, ponentes de primer nivel abordarán los retos que España tiene por delante para dar cumplimiento a los objetivos europeos en el contexto de la economía circular, la necesidad de la implicación ciudadana y la valorización energética como una de las mejores soluciones técnicas y medioambientales para la gestión de las fracciones no recuperables. Hablamos con Carles Salesa, director del Consorcio de Residuos del Maresme y chairman del Congreso desde 2011.

"Está en nuestras manos". Así reza el lema del próximo Congreso de Recuwatt, que se celebrará los días 26, 27 y 28 en el Tecnocampus de Mataró (Cataluña). ¿Qué alcance tiene esta cita y con qué fin ha sido gestada?

El lema viene a resumir el hecho de que ante la frecuente actitud de esperar a que alguien nos solucione el problema, nosotros planteamos que conseguirlo está en nuestras manos. Cada uno desde su actitud y responsabilidad, pero de forma activa. En este caso, el problema no es poca cosa, porque no se trata de economía circular, o de reciclaje, ni siquiera de residuos, sino de la gente y del futuro del planeta.

Recuwatt nació como un punto de encuentro entre profesionales del sector de los residuos que creíamos que esto era necesario, y la respuesta de los profesionales así nos lo demostró. Recuwatt, como algo vivo que es, ha evolucionado y se ha ido adaptando a las inquietudes del sector, pero siempre desde una organización cuidada e intentando crear una marca de prestigio por organización y contenido.

¿Cuáles han sido las principales conclusiones y resultados de las tres ediciones anteriores?

En las anteriores ediciones de Recuwatt se ha hablado de muchas cosas, siempre con ponentes de gran nivel, característica intrínseca del Congreso, pero la mayor conclusión que sacaría es que otra realidad es posible. Una realidad donde el ciudadano y el sistema asumen unos hábitos de reciclaje profundos y donde el vertedero es evitado como modo de gestión es posible.

[SEGUIR LEYENDO...](#)

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

*"No diría que estamos avanzando en la senda de la economía circular, pero ello no debe dejar de ilusionarnos ante los grandes retos del sector de los residuos"*

Uno de los grandes objetivos contemplados en el Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022 es que 2020 se destine a preparación para la reutilización y reciclado el 50% de los residuos domésticos y similares. A día de hoy nos encontramos aproximadamente en el 30%. A su juicio, ¿vamos por el buen camino? ¿Avanzamos en la senda de la economía circular?

El PEMAR es una planificación voluntarista que intenta cuadrar las cifras de futuro con los objetivos europeos, sin más herramientas sobre la

mesa. A partir de ahí deja la responsabilidad a las administraciones autonómicas y locales para que se responsabilicen de la situación y la resuelvan.

Ante una situación de estancamiento, el ejercicio de voluntarismo, como planificar que la recogida selectiva neta se va a triplicar en 5 años, sirve de poco si no se toman decisiones ejecutivas. Y en este sentido, un año después del PEMAR pocas cosas han cambiado. Por lo tanto, no diría que estamos avanzando en la senda de la economía circular, pero ello no debe dejar de ilusionarnos ante los grandes retos que el sector de los residuos tiene por delante en el papel que debe jugar en el futuro.

**En determinados puntos de España, las plantas de valorización energética de la fracción no reciclable, quizás por desconocimiento, han tenido una cierta contestación social, siendo incluso, en casos concretos, origen de confrontación entre distintos grupos políticos. ¿Qué opinión le merece la situación actual de este sistema en nuestro país y qué futuro augura para el mismo?**

En general en España, con sus excepciones, las políticas de residuos son poco prioritarias. Así nos hemos acostumbrado a que hacemos lo que podemos recogiendo y a que esto de enterrar residuos/recursos es casi inevitable.

La prioridad inmediata en nuestro país para cumplir con los objetivos europeos es aumentar las tasas de reciclaje, pero en paralelo deberíamos ser capaces de abandonar la cultura del vertido y pensar en las etapas que vienen después. Si después del reciclaje no viniera nada, es decir si reutilizáramos o recicláramos el 100% de los residuos, solo nos tendría que preocupar el sellado de los vertederos. La realidad desgraciadamente no es así.

Incluso con resultados de recogida selectiva que permitan alcanzar en el futuro los objetivos europeos a largo plazo que están actualmente a debate (65-70% de reutilización y reciclaje real, no de material recogido), nos quedará una parte significativa que por diversos motivos (no separado, insuficiente calidad, rechazos multimaterial, materiales que han acabado sus ciclos de reciclado, componentes tóxicos a eliminar



Carles Salesa es director del Consorcio de Residuos del Maresme desde 2000

[SEGUIR LEYENDO...](#)

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Entrevistamos a...

del ciclo, reciclado insostenible, etc.) deberán ser gestionados de una manera que no sea enterrarlos. Especialmente en un país con más de un 70% de dependencia energética exterior.

Dicho esto, convertir en arma política fluctuante los aspectos medioambientales es un error que nos lleva a la situación de partida. Es decir, todavía nos importa relativamente poco el medio ambiente, o al menos mucho menos que los votos. Y eso es lo que hay que cambiar.

**Volviendo a Recuwatt 2016, ¿qué nos encontraremos allí? Aváncenos qué temáticas se abordarán y qué programa se ha definido para este evento.**

El Recuwatt 2016 es más coral y más transversal. Empezando por la propia organización, más colectiva y que felizmente se apoya cada vez en mayor número de colaboradores.

En el programa encontraremos tanto aspectos estratégicos y conceptuales, como ponencias de elevado contenido técnico, así como experiencias de carácter más local.

El día previo al Congreso, el 26 por la tarde, se celebrará una jornada dedicada a las administraciones locales y a los gestores de servicios públicos, para debatir sobre los aspectos claves y retos en la gestión que afectan al mundo local.

En el Congreso propiamente dicho, de marcado carácter internacional, se tratarán aspectos como la gestión sostenible de los recursos, la visión de los residuos en el marco de la nueva economía circular, el rol de la

valorización energética, tratamientos alternativos, la comunicación y percepción del ciudadano, la visión del mundo ecologista, el papel de la industria, iniciativas sociales, avances tecnológicos, los nuevos sistemas de información aplicados a los residuos, etc.

**¿Cuáles son las previsiones de aforo?**

Más allá de las temáticas y el programa, para nosotros es muy importante cuidar a los asistentes al Congreso. Por eso intentaremos divertirnos, ofrecer una comida de kilómetro cero de alto valor gastronómico y una visita cultural muy especial.

Para la organización es una prioridad que la experiencia de asistir a Recuwatt sea agradable y emocionante.

Esperamos igualar e incluso mejorar las cifras de asistencia de ediciones anteriores, por lo que el aforo de las más de 300 personas del auditorio es probable que se agote días antes del Congreso.

**El Consorcio de Residuos del Maresme constituye uno de los principales ejemplos a seguir en la gestión sostenible de los desechos, toda vez que apuesta firmemente por el máximo aprovechamiento y valorización de los mismos. ¿Cómo canalizan esta gestión, cuál es el proceso que llevan a cabo y de qué infraestructuras industriales se sirven para ello?**

El Consorcio de Residuos del Maresme tiene dos grandes virtudes. La primera de ellas es el hecho de contar con más de 30 años de recorrido, lo que nos ha permitido experimentar y evolucionar a través de las diferentes generaciones de infraestructuras de tratamiento que hemos gestionado.

La segunda es la gente, tanto los propios trabajadores del Consorcio como los técnicos de los diferentes municipios. Más allá de los resultados de tratamiento del Consorcio, nos entusiasma que se den iniciativas municipales, pioneras en muchos casos, que han permitido que actualmente una decena de Ayuntamientos estén superando ya el 50% de recogida selectiva.

Respecto a las infraestructuras, el Consorcio cuenta con una planta de tratamiento mecánico-biológico de última generación para tratar la fracción resto, una planta de valorización energética para tratar el rechazo de esta, así como una planta de tratamiento de residuos voluminosos y estaciones de transferencia para las fracciones procedentes de recogida selectiva, dando servicio en la actualidad a una población cercana al millón de habitantes.

[SEGUIR LEYENDO....](#)

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





## Entrevistamos a...



### Perfil profesional

Carles Salesa Mirabet es ingeniero industrial por la Universidad Politécnica de Cataluña, especializado en Técnicas Energéticas. Continuó su formación académica cursando un máster en "Dirección Integrada de Proyectos (Project Management)" por el Instituto Catalán de Tecnología y el Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Cataluña; y un postgrado en "Gestión de residuos municipales, industriales y específicos", por la Fundación

Politécnica de Cataluña de la Universidad Politécnica de Cataluña.

Tras comenzar su carrera profesional, en 2000 fue nombrado director del Consorcio para el Tratamiento de Residuos Sólidos Urbanos del Maresme. Nueve años más tarde (2009), asumió el cargo de director de la Asociación Catalana de Empresas de Valorización Energética de Residuos Sólidos Urbanos (ACEVERSU) y desde 2012, es representante de España en el Grupo de Trabajo de Recuperación Energética de la International Solid Waste Association (ISWA). Siempre vinculado al sector del tratamiento de residuos, su amplia experiencia lo llevó en 2015 al cargo de asesor del ámbito de residuos de la Federación de Municipios de Cataluña. Desde 2011 es chairman del Congreso Recuwatt.

SUBIR

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Mundo SOGAMA

## O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

O Alto Tribunal confirma a plena constitucionalidade da aplicación do canon único a partir de marzo de 2014



Sogama dá servizo a 295 dos 313 concellos galegos

O Tribunal Constitucional non admitiu a trámite as diferentes cuestións de inconstitucionalidade formuladas por seis xulgados do contencioso-administrativo nos que se seguían procedementos de reclamación de débeda fronte a un pequeno grupo de concellos que se negaban a pagar o canon. Os gobernos municipais alegaban, entre outros motivos, que este non se axustaba aos preceptos recollidos na Constitución.

O Alto Tribunal confirma a plena constitucionalidade da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se regulou a aplicación do canon único a partir de marzo de 2014. Argumenta que a norma foi aplicada unicamente aos concellos adheridos voluntariamente ao modelo Sogama, tendo en conta,

ademais, que poderían desistir do negocio xurídico correspondente.

Neste sentido, o Constitucional cualifica a lei como razoable, axeitada e proporcionada. Razoable, toda vez que o seu fin é garantir a viabilidade económica e sostibilidade de Sogama; axeitada, xa que o incremento do canon contribúe a este obxectivo; e proporcionada, na medida que as vantaxes que conleva a súa aplicación son maiores que os prexuízos que, para o interese xeral, poderían derivarse da quebra do sistema.

### Condicións de adhesión legais

Así mesmo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tampouco admitiu a trámite os dous recursos contencioso-administrativos presentados polos concellos de Narón (A Coruña) e Moaña (Pontevedra) contra as condicións de adhesión a Sogama publicadas en decembro de 2014.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade



Javier Domínguez, Presidente de Sogama, e Emilio Fernández, Conselleiro Delegado de Fergo Galicia, durante a firma do contrato

## Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

A instalación estará a pleno rendemento en xuño de 2017

Fergo Galicia será a responsable da construción e posta en marcha da futura planta de compostaxe industrial que se situará nas dependencias do vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa. Sogama adxudicou o concurso público a esta empresa a finais de xullo pasado por 2.403.400 euros.

A instalación, que se enmarca no Plan Galego de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, estará a pleno rendemento en xuño de 2017.

Cunha capacidade para 15.000 toneladas anuais, na planta procesarase a materia orgánica de grandes xeradores asentados nas proximidades do municipio coruñés de Cerceda (centros comerciais, mercados,

hospitais, restaurantes, etc.), estimando unha produción final de entre 3.000 e 4.000 toneladas de compost ao ano.

O obxectivo último desta infraestrutura é fabricar un compost de calidade que cumpra con todos os requisitos establecidos pola normativa vixente e poida ser utilizado no ámbito agrícola como fertilizante natural e sen restricións.

Conforme aos preceptos da economía circular, aqueles materiais que non sirvan para compostar, pero si para reciclar como é o caso dos metais e dos plásticos, serán clasificados e remitidos á industria transformadora para ser convertidos en novos produtos.

### Como se fabrica compost industrial?

#### Primeira fase

Separados os elementos susceptibles de ser reciclados, a materia orgánica introdúcese en pilas pechadas con inxeccións de aire entre 6 e 8 semanas a fin de que fermente e comece a transformarse en "compost primario".

#### Segunda fase

O compost trasládase a outras pilas diferentes con volteo e axitación de aire, introducíndose así na fase de maduración, que dura entre 6 e 10 semanas, dependendo de factores tales como a temperatura e o grao de humidade.

#### Terceira fase

O circuíto conclúe co afine final, onde se retiran as partículas pesadas e outros elementos impropios, acondicionando tres tipos de material. (1) O rexeitamento, que non é compost, e que se valorizará material e/ou enerxeticamente; (2) un compost de nivel 1, que é o grosso; e (3) un compost de nivel óptimo, que é o fino, utilizando ambos como enmenda orgánica a aplicar nos solos para aportar-lles nutrientes e mellorar a súa estrutura.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



Planta de biogás no vertedoiro da Areosa, en Cerceda (A Coruña)

## Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

**Todos os valores cualitativos medidos por Sogama resultaron positivos no primeiro balance do ano: incremento de recepción da bolsa amarela, recuperación de materiais reciclables contidos na bolsa negra, redución das emisións á atmosfera, que xa estaban moi por debaixo dos límites legais, aposta polo ferrocarril para o transporte do lixo e aumento da produción enerxética da planta de biogás**

Os bos resultados comezan pola bolsa amarela. Xa no primeiro semestre de 2016, os municipios adheridos a Sogama incrementaron a súa achega ao reciclado de latas, briks e envases de plástico nun 7,26%. A planta de clasificación recibiu en 2015 un total de 10.278 toneladas de envases procedentes do contedor amarelo, e no mesmo período do ano en curso a cifra subiu ata as 11.023,7 toneladas. Co obxectivo de que esta cantidade continúe ascendendo, a nova campaña "Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor" ([www.oportunidadesparareciclar.gal](http://www.oportunidadesparareciclar.gal)) percorre os concellos galegos desde o verán.

Polo que respecta á bolsa negra, a outra fracción de residuos que se recibe e procesa no complexo medioambiental de Cerceda, Sogama incrementou en preto dun 29% a recuperación de materiais reciclables grazas a unha mellora na operativa industrial. Mentres que no primeiro semestre de 2015 a empresa conseguiu seleccionar 6.973,12 toneladas de aceiro, aluminio e vidro, no mesmo período do ano en curso esta cifra ascendeu a 8.992,30 toneladas.

### Menor impacto ambiental

Neste contexto, e no seu firme compromiso co coidado do medio ambiente e coa saúde pública, Sogama fixo posible que as súas emisións á atmosfera procedentes da actividade da Planta Termoeléctrica, onde se leva a cabo a valorización enerxética do combustible derivado dos residuos non reciclables (CDR), minguaran aínda máis durante o primeiro semestre deste ano. Non obstante, cabe recordar que desde o inicio da súa actividade industrial todos os parámetros de emisión estiveron moi por baixo dos límites que marca a lexislación vixente. A adopción de tecnoloxías de última xeración, xunto cunha xestión empresarial eficaz, eficiente e responsable, constitúen factores de peso na consecución destes datos, que van máis aló do cumprimento da lei.

No caso das dioxinas e furanos (ng ITEQ/Nm<sup>3</sup>), cun límite legal de 0,100, Sogama conseguiu reducir o valor acadado en 2015, pasando de 0,007 a 0,002. Polo que respecta ás partículas (mg/Nm<sup>3</sup>), cun límite legal de 10, descenderon de 2,4 a 1,5. E o NO<sub>x</sub> (mg/Nm<sup>3</sup>), cun límite legal de 200, caeu desde 72,9 a 61,1.

SEGUIR LENDO...

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

A pegada de carbono de Sogama tamén se reduciu grazas á súa firme aposta por transportes menos contaminantes como é o caso do ferrocarril. Mentres que entre os meses de xaneiro e xuño de 2015 a entidade pública moveu por tren un total de 100.491 toneladas de refugallos urbanos, esta cantidade subiu ata as 148.321 toneladas no primeiro semestre de 2016, tras incorporar a terminal de Lugo á súa operativa loxística. Iso foi posible tras a posta en marcha, en marzo pasado, do novo servizo de transporte combinado, adxudicado por 10 anos á UTE Renfe Mercadería-Logirail-Copasa. Renfe estima que, durante este período, Sogama conseguirá desprazar por ferrocarril 3.750.000 toneladas de residuos, o que supoñerá o aforro de 22.300 toneladas de emisións de CO<sub>2</sub> e de 800.000 litros de gasoil cada ano.

Pola súa banda, a planta de biogás de Sogama, emprazada no vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa incrementou, tamén nos seis primeiros meses do 2016, e respecto ao mesmo

período do ano anterior, a produción de enerxía nun 4,91%, pasando dos 6.525,32 MWh aos 6.846,01 MWh, e isto a pesar das inclemencias meteorolóxicas.

### Futuro ambicioso

A pesar destas boas cifras, a compañía pública quere ir máis aló. A futura ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, na que se investirán 30 millóns de euros, permitiralle aumentar a capacidade da infraestrutura industrial e tratar arredor dun millón de toneladas de lixo. En paralelo, a compañía incrementará a achega á reciclaxe nun 30% e diminuirá o vertido na mesma porcentaxe.

Neste novo escenario, o vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa só recibirá aquela parte do lixo que, dada a súa composición, non pode ser reutilizada nin reciclada, e tampouco valorizada material e/ou enerxeticamente, dando cumprimento á xestión xerarquizada que pregoa a Unión Europea.

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Ourense reducirá a materia orgánica depositada no contedor verde

A Deputación e Sogama lanzan a "I Campaña provincial de compostaxe doméstica" dirixida a 91 dos 92 concellos do territorio

A Deputación de Ourense e Sogama subscribiron un novo convenio de colaboración co que se estenderá a compostaxe doméstica a practicamente todos os municipios da provincia. A "I Campaña provincial de compostaxe doméstica" dirixirase ás localidades que contengan con menos de 20.000 habitantes, é dicir, a 91 dos 92 concellos ourensás.

A iniciativa ten unha dotación presupostaria de 40.000 euros, a sufragar ao 50% por ambas partes, para a dotación de composteiros aos fogares participantes, a formación dos usuarios e o seguimento do programa casa por casa.

O Presidente da Deputación, José Manuel Baltar, e o Presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, asinaron o acordo o pasado 7 de setembro, estando en vigor ata o próximo 31 de decembro e podendo ser prorrogado por un máximo de seis meses.

#### 45% dos concellos adheridos

Nunha entrevista concedida á Radio Galega, o Presidente da Sociedade Galega

do Medio Ambiente, Javier Domínguez Lino, insistiu, unha vez máis, en que a compostaxe doméstica e a valorización enerxética da fracción non reciclable dos residuos son procesos "absolutamente compatibles e complementarios". "Extremo que xa demostramos repartindo preto de 6.000 composteiros", puntualizou. De feito, 134 dos 295 (45%) concellos adheridos voluntariamente ao modelo Sogama xa forman parte do seu programa de autocompostaxe.

Non obstante, tal e como precisou Domínguez Lino, a operativa da autocompostaxe "non se pode levar a cabo de calquera maneira", polo que Sogama definiu no seu momento un protocolo de actuación polo que se rexen os municipios participantes e que xa está a dar como resultado un compost de alta calidade.

Ademais do material didáctico que se entrega en cada vivenda participante no programa de compostaxe doméstica, toda a información pode consultarse na páxina web [www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal).



O convenio firmouse o pasado 7 de setembro

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade

### Aberto o programa de visitas para o curso académico 2016-2017

#### Preto de 70.000 persoas xa pasaron polas instalacións de Sogama

Coincidindo co inicio do curso académico 2016-2017, Sogama abre o programa de visitas ás súas instalacións. Como vén sendo habitual, a esta iniciativa poden acollerse escolares maiores de 9 anos, así como universitarios, profesionais do sector, membros de gobernos locais, asociacións, delegacións estranxeiras e un longo etcétera de colectivos que estean interesados en coñecer de preto a súa infraestrutura.

En todos os casos, educadores medioambientais son os encargados de proporcionar as explicacións pertinentes e acompañar aos grupos durante o percorrido guiado, posibilitando que estes poidan coñecer de primeira man o tratamento ao que son sometidos os residuos xerados pola meirande parte dos municipios galegos. Unha visita tipo dura entre hora e media e dúas horas.

Dadas as características industriais das instalacións, a empresa pública aplica en todos os casos un coidadoso e estudado protocolo de actuación que se adapta ao perfil dos distintos colectivos e que se atopa supeditado á súa vez a unhas estritas normas de seguridade, minimizando así posibles riscos.

A día de hoxe, preto de 70.000 persoas pasaron polas instalacións de Sogama, manifestando máis do 95% que a Sociedade pública desempeña un labor prioritario no coidado do medio ambiente galego.

#### Solicitar cita

Toda a información sobre o programa de visitas, así como as reservas de datas e intercambio da documentación canalízase a través do Departamento de Comunicación da Sociedade (981 698 500. Ext. 111 – [teric@sogama.es](mailto:teric@sogama.es)).



As visitas adaptanse ao perfil dos grupos, xa sexan nenos ou adultos



Queres visitar as instalacións de Sogama? Contacta con nós

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

#### Esperanza González

1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

#### Carles Salesa

Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Actualidade



Illas de reciclaxe instaladas nos colexios

## Entregados os premios a escolares do programa "Recíclate con Sogama 2015-2016"

Alumnos de varios centros aprenderon durante todo un curso a separar o lixo nas propias aulas e formáronse no principio dos tres erres

A Sociedade Galega do Medio Ambiente entregou a mediados de setembro os premios escolares do programa educativo "Recíclate con Sogama 2015-2016", no que participaron 14 centros de educación primaria das catro provincias. Os gañadores recibiron vales canxeables para a adquisición de material didáctico por importe de 600, 400 e 200 euros, respectivamente.

Sogama destacou o magnífico traballo desenvolvido por todos os participantes, tanto profesores como alumnos e pais, poñendo de relevo a inestimable

colaboración do conxunto da comunidade educativa para promover a separación dos residuos nos propios colexios e formar aos escolares no principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

"Recíclate con Sogama" é unha iniciativa educativa que quere instruír aos escolares nas boas prácticas ambientais vinculadas aos residuos, facendo especial fincapé na selección dos mesmos para garantir o seu posterior reciclado. O programa forma parte do Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

GALARDÓN	CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
1º Premio	CPR Nosa Señora do Rosario	Arzúa	A Coruña
2º Premio	CEIP Celso Currás	Trabada	Lugo
3º Premio	CEIP Plurilingüe N°1	Tui	Pontevedra
1º Accésit	CEIP Laredo	Redondela	Pontevedra
2º Accésit	CPI Aurelio Marcelino Rei García	Cuntis	Pontevedra
3º Accésit	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	Ourense

SUBIR

## Editorial

Javier Domínguez Lino  
 Presidente de Sogama

## Entrevistamos a...

Esperanza González  
 1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
 Director del Consorcio de Residuos del Maresme

## Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

## Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





## Actualidade

### Colaboración con Cáritas de Santiago para a recollida de roupa usada

O novo folleto divulgativo “#ArroupaParaTodos” explica as claves para maximizar o aproveitamento das prendas doadas



Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela ([www.caritas-santiago.org](http://www.caritas-santiago.org)) dá un paso máis na recuperación de roupa usada. Coa colaboración de Sogama, editou unha publicación, bautizada co lema “#ArroupaParaTodos”, coa que pretende dar a coñecer aos cidadáns as posibles vías que utiliza para maximizar o aproveitamento da roupa, ben a través da súa reutilización, reciclado ou valoración enerxética.

Toda a operativa lévase a cabo a través de Arroupa ([www.arroupa.es](http://www.arroupa.es)), empresa

de inserción laboral creada pola Fundación CA.DI.SAN ([www.cadisan.es](http://www.cadisan.es)), que ten por obxecto promover a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

#### Queres colaborar?

Tanto empresas como entidades públicas ou particulares poden colaborar nesta loable iniciativa. As primeiras poden ceder espazos físicos para instalar contedores, así como participar en campañas de concienciación e sensibilización ambiental e realizar calquera tipo de doazón que favoreza a actividade de Cáritas.

Pola súa banda, os particulares poden doar roupa en calquera dos roupeiros parroquiais ou nos contedores instalados nas vías públicas. Facerse voluntario constitúe outra opción que, sen dúbida, reportará grandes beneficios, tamén a nivel persoal.

Para máis información, contactar no teléfono 981 935 080 ou no email [info@arroupa.es](mailto:info@arroupa.es).

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso “Recicla as túas ideas e convérteas en arte”

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios “Recíclate con Sogama” 2015-2016

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Multimedia

## Planeta Verde: Pensando nunha eco-carta para os Reis Magos



Aínda faltan uns meses para o Nadal, pero non está demais ir pensando en como nos comportamos para que os Reis Magos nos traian todo o que lle pedimos. Os Trebón, a nosa familia extraterrestre favorita, tamén ten a vista posta en decembro porque quere ter un Nadal sostible!

Van seguir as recomendacións do profesor Uxío e pedir regalos compartidos e, incluso, reciclados e que non contaminan. ¡A súa vai ser unha "carta verde para os Reis Magos"!

[Ver o 22 capítulo de Planeta Verde](#)

## Novo ecocurso no Caderno Verde



Lilia, Vito e Lucas voltaron á escola e con eles, a familia Trebón! Ademais de matemáticas, lingua ou inglés,... neste curso siguen aprendendo como coidar o medio ambiente para facer do noso planeta un sitio máis limpo e habitable. Na volta ás aulas, os nosos amigos empezan por coñecer para que sirva unha illa de reciclaxe e despois, métense na cociña para preparar un rico menú con sobras de comida. Mmm!



[Mira este vídeo sobre o seu primeiro día na escola!](#)

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Continúa a campaña autonómica da reciclaxe

A nova campaña autonómica "Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor" chegou de forma directa a máis de 8.200 persoas durante o pasado mes de agosto. Realizáronse actividades simultáneas en 20 municipios da costa e 22 do interior, así como eventos deportivos, como é o caso dunha etapa da Volta Ciclista a España e o Pantin Classic Surf, e a un campamento de verán dirixido a escolares.

A campaña permanecerá en vigor durante un ano e tanto a aula móbil como a carpa informativa achegaranse a colexios, tanto de primaria como de secundaria, cen-

tros comerciais e asociacións, entre outros colectivos.

Esta iniciativa está promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, co apoio de Ecoembes e Sogama.



### Cita con Recuwatt 2016

O congreso Recuwatt 2016 ([recuwatt.com](http://recuwatt.com)), consolidado como referente internacional no sector da valorización enerxética, levarase a cabo do 26 ao 28 de outubro no Tecnocampus de Mataró (Cataluña). Mentres que para o 26 tense programado unha xornada orientada exclusivamente ás administracións públicas e xestores de servizos públicos, durante os días 27 e 28 abordaranse os aspectos máis relevantes e de actualidade vinculados á xestión sostible dos residuos.

A organización global do evento corre a cargo do Consorcio de Residuos do Ma-



resme, xunto coa Axencia de Residuos de Catalunya, a Fundación Fórum Ambiental e o Consorcio de Residuos del Vallés Oriental, contando igualmente coa colaboración doutros colectivos e asociacións tales como Aeversu.



Le aquí a entrevista co chairman de Recuwatt, Carles Salesa

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Reciclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Outubro de teatro en Carballo co 25º FIOT

O Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) ([www.fiot.gal](http://www.fiot.gal)) volve converter a Carballo na capital das artes escénicas de Galicia. Un total de 34 espectáculos, entre os que hai catro estreos absolutos e oito estreos en Galicia, representaranse no Pazo da Cultura ou nas rúas de Carballo ata finais de mes con propostas para todos os públicos.

Esta edición é, se cabe, aínda máis especial porque os organizadores celebran o 25 aniversario desta cita, xa consolidada coas artes escénicas e na que Sogama colabora como patrocinador desde hai anos. Nesta edición, volve a facelo no "Fiotiño", o programa para os máis cativos, que nesta edición ofrece 8 actividades para uns 70 nenos.

Para celebrar as súas vodas de prata, o FIOT conta coa participación de compañías teatrais que marcaron a traxectoria



do festival. Entre outras, Yllana, Kulunka Teatro, Sexpeare Teatro, Grupo Chévere, Ron Lalá, Feelgood Teatro,...

### Festival Mar de Mares 2016



A terceira edición do Festival Mar de Mares 2016 ([festivalmardemares.org](http://festivalmardemares.org)) volve poñer o foco na preservación dos océanos como fonte de riqueza ambiental, económica e social. Este encontro cul-

tural, educativo e lúdico de celebración e preservación do mar tivo lugar na cidade da Coruña entre os días 21 e 25 de setembro, aínda que as actividades se estenderán ata o 27 de novembro.

A través dun programa multidisciplinar exáltase o mar desde diferentes perspectivas, utilizando para isto exposicións, encontros, proxeccións, talleres, visitas, música, charlas ou gastronomía, entre outras. En concreto, a colaboración de Sogama materializouse nun taller de cociña impartido por Iván Domínguez, Director gastronómico do Grupo Alborada e gañador dunha estrela Michelin no seu restaurante da Coruña.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Reciclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Presentación de candidaturas aos premios Aproema

A Asociación Profesional de Empresas Medioambientais – Aproema ([www.aproema.com](http://www.aproema.com)), da que forma parte Sogama, convocou a terceira edición dos Premios “Medio Ambiente Aproema”. O obxectivo do certame é destacar aquelas accións individuais e/ou colectivas que resulten beneficiosas para o medio ambiente e que contribúan a impulsar a conciencia social na materia.

Cada entidade pode presentar un máximo de tres candidaturas por modali-



dade, debendo estar vinculadas á conservación e mellora do medio ambiente, á xestión e á valorización de residuos, ás campañas de concienciación ambiental e a calquera outra iniciativa considerada de interese. O prazo finaliza o 15 de outubro e o acto público de entrega de premios terá lugar o 24 de novembro, en Santiago de Compostela.

### Meeting Point sobre economía circular

“Impulsando a economía circular” foi o título do Meeting Point organizado pola Fundación para a Economía Circular ([economiecircular.org](http://economiecircular.org)) o pasado 21 de setembro para profundar nunha cuestión clave para a sustentabilidade como é facilitar a transición dunha economía lineal a unha circular.



Entre outras cuestións, abordáronse temas como a política da Unión Europea no eido, a ecoconcepción dos produtos e servizos, os incentivos económicos para avanzar cara a un novo

modelo de desenvolvemento e o papel que deben xogar as autoridades públicas e actores que interveñen no ciclo completo de vida ou cadea de valor dos produtos.

O programa incluiu entrevistas a personalidades relevantes do sector ambiental, tales como Janez Potocnik, Co-chair of UN International Resource Panel, ou Eric Monami, membro de EXPRA (Extended Producer Responsibility Alliance), así como coloquios temáticos nos que participaron altos cargos da Administración e de distintas entidades públicas e privadas.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso “Recicla as túas ideas e convérteas en arte”

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios “Reciclate con Sogama” 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### Efemérides ambientais

O transporte de residuos no modelo Sogama constitúe un exemplo de mobilidade sostible xa que unha gran parte dos residuos urbanos producidos en Galicia, e que trata no seu complexo medioambiental de Cerceda (A Coruña), desprázanse por tren. Mentres que un camión ao servizo desta empresa pública pode trasladar un só contedor con capacidade para 20 toneladas, un convoi de ferrocarril pode desprazar ata 30 unidades nunha soa viaxe. Este, sen dúbida, é un feito que se puxo de relevo durante a **Semana Europea da Mobilidade 2016** para argumentar a decidida aposta da empresa pública por reducir a súa pegada de carbono. A efeméride, xestionada e coordinada en España polo MAGRAMA, celebrouse entre o **16 e 22 de setembro** baixo o lema "Mobilidade intelixente. Economía forte" e no marco da cal tamén tivo lugar o **Día sen Coches**.

O **16 de setembro** celebrouse igualmente o **Día Internacional da Preservación da Capa de Ozono**, recoñecendo así os esforzos colectivos do Convenio de Viena e do Protocolo de Montreal para evitar os efectos perxudiciais da radiación ultravioleta e loitar contra o cambio climático. Nos últimos tres decenios evitáronse enviarse á atmosfera 135.000 millóns de toneladas equivalentes de



dióxido de carbono. As previsións oficiais estiman que a mediados deste século a capa de ozono terase recuperado.

Baixo o lema "O transporte marítimo, indispensable para o mundo", o **29 de setembro** celebrouse o **Día Marítimo Mundial**, unha efeméride coa que se pretende exaltar a importancia que o transporte marítimo ten no funcionamento do mundo. Considerado un motor do crecemento verde, constitúe o modo de transporte que menos emisións produce en relación ao volume de carga.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Reciclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Receitario

## Un primeiro prato "celicioso" con sobras de comida

Cada vez son máis os nenos e os adultos aos que se lles diagnostica unha intolerancia alimentaria ao glute, á lactosa, ao ovo,... Pensando neles, así como nas dificultades dos pais para facerlles unha comida típica adaptada á súa dieta, neste número traémosvos esta receita de empanada sen glute un pouquiño laboriosa, pero moi saborosa.

Compartiuna con nós o noso amigo José María Bernal Atanes, catalán xubilado con raíces maternas nas Estivadas (Cualedro, Ourense) e que cada verán, desde hai 50, pasa as súas vacacións de verán no concello da Laracha (A Coruña), de onde é a súa muller. Desde que lle diagnosticaron into-

lerancia ao glute hai un par de anos, modifica e prepara pratos típicos con base de pan de trigo para adaptalos a unha dieta sen glute. Tarefa non sempre exitosa á primeira pola dificultade de levedar e traballar masas sen a elasticidade que lles dá o glute do trigo. Pero desde que descubriu o *Psyllium*, esta parte é moito máis fácil, confésanos José María.

Animádevos a preparar esta empanada de masa de pan porque esta "celiciosa"! O recheo pode ser de sobras de comida, tamén sen glute, que teñades na casa.

Compartide as fotos no noso [Facebook](#) ou [Twitter!](#)

## Empanada sen glute con masa de pan

Nivel de dificultade: 1 2 3

### CANTIDADES E INGREDIENTES:

(8 persoas)

#### Masa de pan sen glute

- 500 g de fariña Schär Mix Pan
- 2 culleradas colmadas de fariña de trigo sarraceno
- 1 culleradas colmadas de fariña de teff
- 1 cullerada colmada de tapioca
- 1 cullerada colmada de fariña de pataca
- 25 g de levadura de pan
- 2 culleradas de aceite
- Sal ao gusto
- 3 vasos de auga morna
- 1 cullerada de Plantago ovata (*Psyllium*). Dálle elasticidade á masa

#### Recheo

- 3-4 culleradas de aceite
- 2 cebolas grandes
- 1 pemento morrón vermello grande, mellor sen pel
- Sobras de comida: roxóns, carne asada, cocida, bistés, chourizos, sobrasada, atún, etc.

### ELABORACIÓN

#### Masa de pan

- Nunha amasadora mecánica, botar todas as fariñas e a levadura formando un volcán. Nunha beira, engadir o sal tendo coidado de que non toque o fermento xa que doutro xeito a masa non subiría. Remexer cunha espátula e, a continuación, engadir a auga morna e o aceite.
- Amasar segundo o tempo indicado na máquina. O amasado tamén se pode facer a man con coidado e traballando ben os ingredientes.
- Poñer a masa nun molde e deixar levedar nun lugar sen correntes ata que dobre o seu volume. Este proceso pode acelerarse meténdoo no forno uns 15 minutos, cuberta cun pano, a 50º e cun vaso de auga dentro para conservar a humidade e evitar que se reseque.
- Partir a masa en dous e estarricar cun rolete sobre papel de forno. Traballala axudándose dunha paleta de silicona e untándoa en aceite. Se se fai coas mans, pégase.
- Colocar a prancha de abaixo sobre unha bandexa de forno, cubrir co recheo e tapar coa segunda placa de masa.
- No medio da prancha de arriba, facer un burato redondo para facilitar a cocción da empanada. Tamén se pode adornar facendo debuxos con masa sobrante.
- Cocer 45 minutos a 180º.
- Deixar arrefriar antes de servir.

#### Recheo

- Nunha tixola, cubrir o fondo con aceite. Mentres se quenta, picar a cebola e o pemento á xuliana e incorporar. Cando estean ben refogados, engadir as sobras de comida e deixar cocer uns minutos.

### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas 2016-2017

Entrega dos premios "Reciclate con Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...




[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Receitario

### Elaboración. Galería



### Editorial

Javier Domínguez Lino  
Presidente de Sogama

### Entrevistamos a...

Esperanza González  
1º premio no concurso "Recicla as  
túas ideas e convérteas en arte"

Carles Salesa  
Director del Consorcio de Residuos  
del Maresme

### Mundo SOGAMA

O Tribunal Constitucional avala a  
legalidade do canon de Sogama

### Actualidade

Sogama adxudica a Fergo Galicia a  
construción e posta en marcha dunha  
planta de compostaxe industrial

Balance industrial positivo no  
primeiro semestre de 2016

Firma dun novo convenio de  
compostaxe doméstica coa  
Deputación de Ourense

Apertura do programa de visitas  
2016-2017

Entrega dos premios "Recíclate con  
Sogama" 2015-2016

Colaboración con Cáritas para a  
recollida de roupa usada

### Multimedia

### Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)

